

## NORMAS PARA SOLICITAR A PUBLICACIÓN DE NOVAS REVISTAS NA UDC

A Comisión de Publicacións é a encargada de avaliar as solicitudes de publicación de novas revistas na UDC (artigos 7.3 e 14 do regulamento do Servizo de Publicacións). Estas propostas deben aterse ao seguinte procedemento, aprobado na reunión da Comisión do 4 de marzo de 2015.

1. As novas propostas de publicación de revistas deben achegarse ao Servizo de Publicacións da UDC; as dúbidas ao respecto poden dirixirse ao mesmo servizo.
2. De ser aprobada a proposta, a nova revista publicarase en formato electrónico dentro da plataforma OJS (*Open Journal System*) da UDC. As revistas deberán axustarse ás normas actuais e futuras que a UDC aprobe para as súas publicacións, e ás boas prácticas que lles sexan indicadas.
3. As propostas acompañaranse da seguinte documentación:
  - 3.1. Entregarase unha memoria con diversa información sobre a publicación que se solicita (véxase o punto 4).
  - 3.2. Se a revista é iniciativa dun profesor/a ou dun grupo de profesores/as, deberá entregarse coa memoria un informe positivo do departamento ou instituto de investigación ao que pertenzan.
  - 3.3. De ser a revista iniciativa doutro ente interno da UDC (centro de estudos da UDC, etc.), só se entregará a memoria, que será avaliada en primeira instancia pola Comisión.
  - 3.4. Cando a publicación da revista se propoña en colaboración ou coedición con outra universidade, ou cunha asociación ou calquera outro ente externo á UDC (de tipo profesional ou académico), e tras ser valorada e informada a memoria pola Comisión de Publicacións, desenvolverase un convenio entre a UDC e a/s outra/s parte/s colaboradora/s.
4. A memoria deberá recoller a seguinte información:<sup>1</sup>
  - 4.1. Nome e filiación do/s promotor/es, director/es e editor/es.
  - 4.2. Consello editorial, consello científico e calquera outro que se plantexe.
  - 4.3. Nome completo, abreviatura e orientación da revista (académica, investigadora, divulgativa...)
  - 4.4. Periodicidade e idiomas que se aceptarán na publicación.

---

<sup>1</sup> Pode resultar útil para elaborar a memoria consultar os requisitos, criterios de valoración e indicacións que seguen os índices, repositorios e sistemas de información máis estendidos a nivel internacional.

- 4.5. Soporte da publicación: a revista publicarase en formato electrónico na plataforma OJS da UDC, pero debe indicarse e xustificarse se se publicará en soporte papel e o número de exemplares.
- 4.6. Formas de financiamento previstas.
- 4.7. Compromiso de aplicar unha revisión externa por pares de dobre cego, e calquera outra información relevante ao respecto.
- 4.8. Áreas de coñecemento das que se ocupará a publicación e contidos: artigos orixinais, recensións, estado da cuestión, notas, discusións; investigacións orixinais, críticas, divulgación, traballos aplicados...
- 4.9. Estrutura da revista (seccións).
- 4.10. Tipo e formato dos traballos que se publicarán (extensión, resumo, palabras clave...)
- 4.11. Lectores potenciais da publicación.
- 4.12. Xustificación e interese da publicación solicitada.
- 4.13. Obxectivos da publicación e previsión de futuro.
- 4.14. Formas de distribución e publicitación da revista (cando proceda).
5. Pode entregarse tamén calquera outra documentación ou información que se estime oportuna para valorar a proposta.